



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES
CEIP PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS
Rúa Azorín, s/n – 36860 – PONTEAREAS – Teléfono 886 110 532
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnosasenoremedios>
ceip.nosasenora.remedios@edu.xunta.gal



ADDENDA PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CEIP PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS

CURSO 2023/24

VERSIÓN 1: aprobación 03/10/2023

ÍNDICE

1.- Resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado.....	3
2.- Actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.....	3
3.- Materias impartidas en lingua estranxeira.....	4
4.- Materias impartidas en lingua castelá ou en lingua galega.....	5
5.- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e Dinamización da lingua galega realizados polo Centro no curso 2021/22 e Programas e actividades a desenvolver no curso 2022/23.....	5

1. RESULTADOS DA PREGUNTA AOS PAIS, NAIS, TITORES/AS OU REPRESENTANTES LEGAIS DO ALUMNADO PARA OBTENIR INFORMACIÓN RESPECTO DA LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO:

Os resultados da pregunta feita en xuño de 2023 ás familias do alumnado que entrou en 4º E.Infantil no colexio foron os seguintes:

CASTELÁN: 9

GALEGO: 4

AS DÚAS LINGUAS: 16

OUTRAS LINGUAS: 3

2. ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, O COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS:

- ✚ Coordinación entre os diferentes equipos, así como tamén coordinación entre os ciclos e etapas (Infantil e Primaria).
- ✚ Coordinación e traballo conxunto coa biblioteca escolar (programa de continuidade).
- ✚ Favorecer a atención en Galego, por parte de todo o persoal docente e non docente, no contacto directo con alumnos, alumnas e familias.
- ✚ Establecer campañas de uso do idioma Galego.
- ✚ Actuar como foco difusor e comprometido coa realidade do contorno.
- ✚ Levar a cabo estratexias activas que potencien as aprendizaxes significativas.
- ✚ Atender á diversidade de alumnos e alumnas.
- ✚ Potenciar as aprendizaxes cun forte sentido interactivo e cooperativo.
- ✚ Usar métodos que permitan sentir aos alumnos e alumnas a necesidade da información, da súa localización, selección e uso ético.

- ✚ Usar enfoques que permitan o uso autónomo das TIC, material sito na Aula de Polos Creativos e dos recursos da biblioteca como opcións para acadar coñecementos.
- ✚ Favorecer o rol do profesado como mediador na construción autónoma de aprendizaxes (contextos cotiáns, contornos seguros e motivadores).
- ✚ Uso da avaliación formativa.

Na Educación Infantil é importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso pódense empregar diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro, e mesmo a caixa de suxestións.

Adoptaranse as medidas necesarias para aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades para acadar os obxectivos propostos, tratando que teñan todos aqueles apoios que precisen, ben sexa dentro da aula ou fóra da mesma, cos distintos mestres e mestras de apoio, coa finalidade de axudalos e motivalos no emprego da lingua galega. Se fose preciso formularanse actividades específicas e concretas axeitadas ao seu nivel. No caso do alumnado procedente do estranxeiro que non domina o Galego recibirá axuda do profesorado de apoio para que coñeza a lingua Galega.

3. MATERIAS IMPARTIDAS EN LINGUA ESTRANXEIRA

Ademais de Inglés, hai seccións bilingües (inglés/galego) en Educación Plástica e Visual nas aulas de 4º a 6º de E. Primaria. O alumnado destes niveis ten autorización dos pais/nais para participar nestas seccións bilingües. O alumnado de 1º a 3º de E. Primaria ten igualmente inglés na materia de Educación Plástica e Visual por pertencer a cursos nos que o plurilingüismo xa está integrado.

4. MATERIAS IMPARTIDAS EN LINGUA CASTELÁ E EN LINGUA GALEGA:

No seguinte cadro indicamos a lingua na que se impartirá cada materia en E.Primaria.

ÁREAS	CURSOS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2
Lingua Estranxeira: Inglés	2	2	3	3	3	3
Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
Música e Danza	1	1	1	1	1	1
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Relixión / Proxecto competencial	1	1	1	1	1	1
Educación e Valores Cívicos e Éticos						1
TOTAIS	11/11	11/11	10/11	10/11	11/10	10/11

As materiais **sombreadas en azul impártense en Galego** e as **sombreadas en verde en Castelán**. As que están sen sombrear impártense en Inglés (Plástica 1º, 2º e 3º plurilingüe inglés; Plástica 4º a 6º son bilingües Inglés/Galego).

5. INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADOS POLO CENTRO NO CURSO 2022-23 E PROGRAMAS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO CURSO 2023-24

Durante o curso escolar 22-23 leváronse a cabo as actividades que a continuación se relatan por orde cronolóxico:

1º TRIMESTRE:

- Constitución do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

- Revisión e actualización do Proxecto Lingüístico de Centro.

- **O Samáin celebrouse xunto có Magosto (Magostín):** realizouse a elaboración de receitas terroríficas. Estas receitas fixéronse na casa coa axuda das familias e despois colgáronse polos distintos taboleiros da escola para darlle visibilidade. Finalmente entregóuselle un pequeno agasallo aos alumnos/as participantes (polo que xerou moito interese). Con todas estas receitas creouse un libro que pasou a formar parte dos recursos do centro.

Para a celebración da festa do magosto propúxose música en lingua galega.

- Durante os meses de novembro e decembro elaborouse o **Almanaque sobre** o proxecto de centro de “O camiño de Santiago”. Foi o alumnado do centro (tanto de infantil como de primaria) o encargado de deseñar o almanaque. Colaboraron todas as aulas da escola xa que cada unha delas realizou o mes ou a parte de arriba do almanaque. A cada mes asignouse un apartado diferente como foi: a catedral de Santiago, as cunchas do peregrino, o propio peregrino, os albergues adicados para o uso de peregrinos, etc.

Unha vez rematada a impresión dos calendarios, estes distribuíronse por todas as aulas, incluídas as dos especialistas. Repartiuse entre todo o persoal docente e non docente do centro e subíuse á páxina web do colexio para estar a disposición de toda a comunidade educativa.

- **Coñecendo pintores/as galegos:** en colaboración cós mestres encargados da materia de plástica bilingüe (mestres de inglés) que realizan o proxecto de coñecer distintos pintores e pintoras famosos, propúxose que un deles fose galego. Polo que traballaron a Maruja Mallo (coñecendo a súa obra, vida, etc) e a posterior realización dun dos cadros que realizou esta pintora.

- No mes de Decembro realizouse un **dicionario de Nadal**. Propúxoselle que cada aula buscase na RAG a definición dunha palabra específica de Nadal e a posterior realización dun debuxo desa palabra. Recopiláronse todas e fíxose un libro que pasou a formar parte do centro.

2º TRIMESTRE:

- Elaborouse o **Proxecto para o fomento uso do galego** por parte do EDLG.
- Celebración do **Día da Paz**. Traballouse conxuntamente co Equipo de Convivencia e co de Actividades Complementarias.
- Co gallo da festa do **Entroido** no noso colexio, dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e en coordinación cos Equipos de Actividades Complementarias e o de Biblioteca, traballamos esta festa dun xeito especial pola importancia significativa que ten dentro do patrimonio cultural inmaterial de Galicia. Dende este equipo mandouse distintas páxinas web de recursos nos que se podían traballar os distintos entroidos que hai na nosa comunidade.
- **O gran desfile**: desfile polo recinto escolar cós disfraces de Entroido e **queima do Meco** (tradición popular galega). Adoitase rematar cunha chocolatada ao igual que na celebración do Día da Paz.
- **Actividade de no pensamento de Rosalía**. Fixéronse dous murais de Rosalía de Castro (pintado polos nosos alumnos e alumnas) e cada aula fixo unha flor de pensamento que contiña información de Rosalía (onde naceu, algún poema...). Isto pasou a formar parte do taboleiro da lingua galega.
- **Celebración da Semana da Prensa**: dende este equipo propúxose que cada aula realizase un artigo en galego. Podía ser tanto real como inventado pero debería ter relación có proxecto de cento “O Camiño de Santiago”.

3º TRIMESTRE:

- Rematáronse de recoller os traballos para a edición número 44 da **revista escolar “A PITA FALADORA”**. Na súa elaboración participaron todos os mestres e mestras, así como tamén o propio alumnado, posto que o seu traballo vese reflectido nas páxinas da revista. Fíxose en formato dixital e presentouse na web do colexio dándolle así visibilidade.

- **Correlingua** : este ano tivemos a gran sorte de poder asistir a esta actividade. Compráronse gorras brancas e cada alumno/a tivo que escribir na súa gorra unha palabra en galego. Dende este equipo fíxose unha pancarta có lema do correlingua que foi decorado polos nenos/as.

Asistimos á actividade que finalizou coa actuación dun grupo musical. Foi unha actividade moi ben acollida polos noso alumnado.

- Durante o mes de maio, a actividade á que se lle dedicou máis tempo foi a **celebración das Letras Galegas**. Este ano, puxéronse a disposición do profesorado distintos recursos para poder traballar o autor homenaxeado. Tamén continuamos, coma ven sendo tradición, có pintado do mural que rodea o colexio. **Caricatura do autor/a homenaxeado no Día das Letras Galegas de cada curso**: pintado do valado coa caricatura do autor das Letras Galegas Francisco Fernández Del Riego.

- O luns 15 de Maio celebramos o Día das Letras Galegas cunha actuación musical: fíxéronse dous pases, o primeiro para 1º, 2º de Educación Primaria e todo Educación Infantil e un segundo pase para 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Gozamos da actuación de “Sergio Tannus e Marta”.

- O martes 16 de Maio organizamos unha carreira pola lingua galega (contamos coa colaboración dos mestres de Educación Física). Cada alumno fixo o seu dorsal cun número e cunha palabra en galego e organizáronse distintos percorridos en función das idades do alumnado. Esta actividade tivo moito éxito entre o noso alumnado.

- **A convivencia**: este curso escolar volveu a organizarse a convivencia. Nesta convivencia participa toda a comunidade educativa. As familias participan directamente ao estar nas casetas e ao organizar as actividades de cada caseta (en colaboración cós mestres de Infantil). Tanto un grupo de familias como de mestres iranse encargando que os nenos de Infantil vaian pasando polas distintas casetas. Nas últimas horas da xornada escolar tamén poderán pasar polas casetas os alumnos de Educación Primaria.

Colaborouse nesta actividade ao axudar na elaboración das distintas temáticas e obviamente isto realízase en lingua galega. Houbo unha persoa encargada de anunciar os distintos cambios para que todos os alumnos/as pasen polas distintas casetas (estas ordes serán ditas en lingua galega).

- Redactáronse as memorias de fin de curso:

MEMORIA DO PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO.

MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGUA GALEGA.

- Outras actividades realizadas **ao longo do curso**:

- **A Radio Faladora:** Comezou no segundo trimestre e prolongouse ata final de curso. Contamos cun equipo de radio cedido polo equipo de TICs (na aula de Polos Creativos). Estes programas de radio emitíronse tódalas semanas. Dende o EDLG elaboráronse os guións dos programas emitidos, contando coa colaboración do alumnado, de tal xeito que este formou parte integrante do traballo realizado: dous alumnos/as actuaban como guionistas e tres alumnos/as máis actuaban como locutores. Tratáronse distintos temas como: o proxecto de centro do Camiño de Santiago, distintas conmemoracións, fixéronse entrevistas a distintas persoas que traballan no colexio, etc.

Ao noso alumnado encántalle esta actividade, e esperaban con ansia cando lle tocaba o seu turno para ir á radio escolar.

- **Recuperación de xogos populares e tradicionais de Galicia;** trátase de recuperar tradicións e formas de xogo autóctonas, propias da comarca e da Comunidade. Esta actividade está impulsada dende o EDLG, coa colaboración dos distintos equipos do centro sobretodo có equipo das TICS na participación dos **Polos Creativos** onde afondaron na realización de xogos tradicionais propios da cultura galega.

- **Actualización de fondos:** ao longo do curso houbo unha actualización permanente de fondos en Lingua Galega en todos os soportes como mercar novos libros en galego para a biblioteca.

- **Expositores do galego:** colocáronse en cada corredor do centro (un para os cursos 1º, 2º e 3º, e outro para 4º, 5º e 6º; tamén no edificio de infantil), un expositor da lingua galega. Nestes expositores houbo información relacionada có proxecto de cento (O camiño de Santiago) que veu da man da nosa mascota: a pita faladora.

Houbo varios apartados: o de “sabías que?” (no que houbo información dos distintos elementos que se poden ver ao realizar o camiño de Santiago). A metade do curso realizamos a sección adiviña adiviñanza : onde se propuña a resolución de adiviñas (dábasete a resposta correcta a través da radio faladora) e a outra metade do curso a sección curiosidades, na que se puñan curiosidades sobre a súa comarca e falábanse destas curiosidades nos programas de radio.

Programas e actividades a realizar no curso 2023/24

Segundo figura na Programación Xeral Anual, as actividades a realizar para o fomento e dinamización da Lingua Galega, baixo a coordinación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do colexio son as seguintes:

ACTIVIDADES	PARTICIPANTES	TEMPORALIZACIÓN
Actualización de fondos en Lingua Galega.	Equipo de Biblioteca e EDLG.	Ao longo do curso.
Proxecto de centro: “Os xogos olímpicos”	Equipos de traballo e Comunidade Educativa.	Ao longo do curso.
A Radio Faladora: emisión de programas de radio, tratando temas relacionados co proxecto de centro e con todas as outras celebracións do centro. Elaboración de guións por parte do alumnado.	Equipos de traballo do centro, coa axuda e implicación de toda a Comunidade Educativa.	Comezará a finais do primeiro trimestre e realizarase durante todo o curso escolar.
Expositores do Galego: ambientado coa mascota	EDLG.	Durante todo o curso.

<p>de dito equipo “a pita faladora”. Exposición do traballo de investigación que levará a cabo todo o alumnado en relación co proxecto dos xogos olímpicos e outras actividades do centro.</p> <p>Haberá un apartado que fará referencia ás parroquias das que veñen unha parte do alumnado, con información sobre elas, xogos...</p> <p>Novas, concursos e carteis informativos sobre actividades realizadas polo EDLG.</p>		
<p>Recollida, escaneado e montaxe do xornal escolar “A Pita Faladora”.</p>	EDLG.	Unha edición dixital por curso. Recollida durante todo o curso.
<p>Realización do calendario escolar. Temática: “Os xogos olímpicos”.</p>	EDLG, titores, e todo o profesorado do centro.	1º trimestre.
<p>Xogos populares e tradicionais: investigamos e practicamos</p>	EDLG, especialistas en E.F. e en colaboración coas Asociacións veciñais das parroquias e ANPA	Durante todo o curso.
<p>Samaín: realización de contos terroríficos. Decoración de espazos do centro e alumnado e profesorado disfrazado (voluntario).</p> <p>Daráselle información aos titores/as sobre dita festividade.</p>	EDLG., equipo de actividades extraescolares e complementarias e demais profesorado.	1º trimestre.
<p>Magosto: actividades</p>	Implicación de toda a	Programado para o 31 de

relacionadas có día (decoración de corredores, cancións, xogos tradicionais...).	comunidade educativa (voluntario).	Outubro coincidindo coa festividade do Samaín.
Celebración do Día da Paz . Elaboración dun manifesto pola paz no mundo.	EDLG, equipo de Convivencia.	No primeiro trimestre, concretamente no mes de Xaneiro.
Festival de disfraces e desfile . Traballo de investigación sobre as variantes do Entroido en Galicia. Mandaráselle distintos xogos interactivos.	EDLG. E titores.	Semana do Entroido.
Celebración do Día de Rosalía . Mandaráselle información a todos os mestres/as con distintos xogos interactivos, vida, obra... Realizarase un gran mural coa caricatura de dita autora que se adornará con trabllos realizados polo noso alumnado.	EDLG e todos os mestres/as da escola.	Segundo trimestre, concretamente no mes de Febreiro.
Día das artes galegas . Coñecerán un pintor/a galego e reproducirán un dos seus cadros.	Mestres que imparten a materia de plástica.	Finais do segundo trimestre.
Celebración do día das Letras Galegas . Organización e deseño de actividades en relación ao homenaxeado no ano2024. Elaboración de murais. Acto conmemorativo no	Todos os cursos. Dinamizadores, equipos e especialistas.	3º trimestre.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES
CEIP PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS

Rúa Azorín, s/n – 36860 – PONTEAREAS – Teléfono 886 110 532

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnosasenoremedios>

ceip.nosasenora.remedios@edu.xunta.gal



patio da escola.		
Revisión do PLC .	EDLG.	1º trimestre de cada curso.
Memoria do PLC .	EDLG.	Ao final de cada curso.